

# "O DESPERTAR DA AUGA"

Anxo Moure

*"Falan os máis vellos de que a auga durme pola noite e para bebela hai que espertala".*

Doídos polo trato do ser humano, un día os ríos e regatos acordaron partir para agocharse nalgún lugar e así castigar os homes, vingarse na súa desesperanza refuxiándose entre as penedas dunha montaña, e durmir as augas para sempre.

As árbores puxéronse moi tristes porqué ficaban namoradas dos ríos, con eles conversaban día e noite mirándose no espeillo fluvial, así que foi encargado o pequeno carballo con botas, contador de historias, para que partise na procura de ríos e fervezas.

Aquela árbore calzada foi seguindo o rastro húmido, a pegada que na fuxida empapaba o lugar por onde pasaba. Seguindo o río Eo na Pontenova, topouse co Miño en Meira e camiñando descubriu un inmenso rochedo, un pedregal onde durmía a auga, Irimia.

Tentou falar o carballo con botas movendo as súas diminutas follas coa forza do vento daquel frío mes de Novembro para que alguén respondera cando descubriu entre as pedras a forma estraña dunha muller que semellaba durmida. Quixo dun e doutro xeito espertala, berroulle, empurrouna, lanzoulle pequenos coios, soprou con forza pero nada de nada. Até que na súa tristura e desesperanza comezou a contarlle unha historia mentres acariciaba lentamente os seus beizos, os ollos, o pelo, ao mesmo tempo que as bágoas da súa desesperanza esvaraban polas ponlas caendo enriba daquel penedo con forma de muller.

Nese mesmo intre, o ser de inmensa fermosura comezou a moverse, abriu os ollos e mirou para a diminuta árbore preguntándolle que quería, o porqué das caricias, das súas bágoas e do conto. Así foi como lle contou todo o acontecido. Ela díxolle o seu nome, chamábase Caricia e era unha muller de auga, unha xacia, que fora encargada polos ríos e regatos gardar aquelas augas dentro do seu refuxio de pedra confundindo os homes que querían facerlle dano aos ríos.

O carballo con botas contoulle a historia do namoro das árbores e os ríos, do que sufrían na perda do seu querer, ela sabíao mais respondeulle que os homes fixeran moito dano ao río, co lixo, cos encoros, os adubos; os ríos morrían e tiveran que fuxir. El díxolle que tamén as árbores sufrían o terror humano con incendios e as talas pero contoulle que para cambiar aquel

## OBRADOIRO EDUCATIVO


### AS ÁRBORES ATRAPADORAS DE CONTOS SOLIDARIOS

Presentación: Segundo informan os xornais e telexornais, unha marea inmensa de contos fuxiu indignada polo trato dos humanos cos bosques, montañas, ríos e regatos que os habitan. Agora moran no vento, habitando os bosques galegos. Vémonos na obriga de partir para atrapalos, convencelos e que volvan a concienciar a xente para que ame un pouco máis a súa terra a través das historias dos contos solidarios. Se queredes atrapalos estas son algunhas indicacións:

Como facer unha árbore atrapadora de contos solidarios

#### INSTRUCCIÓNS

- 1- Collemos un cartón vello
- 2- Recortámolo facendo a forma dunha árbore (con raíces)
- 3- Pintámolo coas cores forestais
- 4- Facémoslle un buraco grande no centro da copa
- 5- Tecemos con agulla e fío no buraco unha trampa para os contos. Deben coser os nenos, non só as nenas (\*)
- 6- Pendurámolo dunha árbore, do faiado da casa, ou de calquera lugar.
- 7- Ao día seguinte recollemos os contos atrapados
- 8- Comémoslos tentando mastigalos ben mastigados (os contos alimentan como a paisaxe, os bosques, ríos...)
- 9- Contámolos para que todas/os coidemos a terra.



(\*) Segundo o recentemente aprobado Estatuto do Romanticismo Europeo, cando un mozo lle pida de saír a unha moza, o primeiro que lle debe preguntar ela é ¿Sabes coser?



xeito destrutivo do home andaba contándolle aos humanos máis diminutos historias de bosques e así conseguiría que algún día non fixeran máis dano.

A xacia Caricia desapareceu nun intre, foi falar cos ríos e regatos, coas augas das fervezas que de seguida, no fondo das penedas, argallaron unha inmensa asemblea fluvial para decidir que facer tomando axiña acordo que Caricia foi encargada de trasladar.

Díxolle a xacia: o acordo dos ríos foi dicirche que eles voltarán onde as árbores namoradas se permites que eu te acompañe para contarlle contos de ríos aos nenos e que se afagan a coidalos.

El pensou que non existiría mellor trato, acompañar a xacia, e axiña aceptou. Nun intre, entre aqueles penedos, xurdiu un regueiriño de auga, que foi enchendo ríos e fervezas entre a ledicia das árbores que vían retornar os seus amantes.

O carballo e máis a xacia contemplaron en silencio aquel milagre de ver nacer un río e entre os dous, mentres miraban o xurdir da auga, aquela toda vida nacendo, sentiron como nacia unha estraña amizade que dende aquelas perdura mentres viaxan polo mundo, adentrándose nas habitacións dos nenos pola noite, nas bibliotecas, nas escolas e contando historias para coidar os ríos e ás árbores.

Cando descansan, collen forma de dúas penedas daquel pedregal, e seguen conversando, contando contos, por iso hai xente que viaxa ata Irimia para escoitar o carballo e a xacia falar. Dende entón habita unha lenda naquelas terras, para trabar namoro ou amizade, amigos e namorados acoden a ver nacer un río, ficando unidos para sempre, como un río, que na súa morte se entrega o mar para ser un só, durmindo para sempre como durme hoxe a auga polas noites.



CENTRO DE DOCUMENTACIÓN  
"DOMINGO QUIROGA"

Centro de Extensión Universitaria e  
Divulgación Ambiental de Galicia



O Centro de Documentación en Medio Ambiente Domingo Quiroga é un centro especializado en medio ambiente, destacando a educación ambiental, a conservación e a sustentabilidade como as principais áreas temáticas.

Os fondos dos que dispón abranguen dende monografías, publicacións periódicas, audiovisuais, multimedia, recursos electrónicos, literatura gris, etc., ata dossieres especializados.

Os servizos que ofrece son:

- Consulta de documentos en sala.
- Préstamo de materiais.
- Apoio documental mediante buscas especializadas.
- Difusión de información a través de boletíns electrónicos mensuais, disponibles na páxina web.



O servizo de información ofertado pode solicitarse a través do correo-e, fax, teléfono e no propio centro.

O horario de atención ao público é de 9.00 a 14.30 h. de luns a venres.

**CEIDA. Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia.**

Castelo de Sta. Cruz. s/n Liáns-Oleiros 15179 A Coruña

Teléf. 981630618 Fax 981614443

[documentacion@ceida.org](mailto:documentacion@ceida.org)

[www.ceida.org](http://www.ceida.org)